

AS UVAS DA IRA

John Ford, 1940

982

ESTREA EN NUMAX: 05.08.2022 | V.O.S.E. | +12 | 129 min

Tom Joad (Henry Fonda) regresa ao seu fogar tras cumprir condena na prisión, pero a ilusión de volver a ver aos seus transfórmase en frustración ao ver como os expulsan das súas terras. Para escapar á fame e á pobreza, a familia non ten máis remedio que emprender unha longuísima viaxe chea de penalidades coa esperanza de atopar unha oportunidade en California, a terra prometida.

«Cotián, lírico e comprometido, un filme inesquecible, necesario e maxistral»

Miguel Ángel Palomo, DIARIO EL PAÍS



O cinema en tempos de crise

Por Manuel Huertas

A adaptación d'*As uvas da ira* é a trágica crónica dunha familia de parceiros *okies* (de Oklahoma) que o perderon todo, o fogar, a raizame, ata o pelexo reseco por ese sibilante vento que arruína as colleitas. De tal xeeira foxen como o que escapa da pena capital, arrastrando as cadeas da miseria nun vello carro convertido en fogar. Toman o camiño cara a terra prometida, California, a "terra que mana leite e mel" (Éxodo 3:8), porque na América de Roosevelt xa non existen fronteiras, os muros derribáronse. Á súa marcha, todo se contempla cun discurso de boa esperanza, coma un sermón que paradoxalmente desmonta un presbítero luterano que os acompaña, Casey, un pastor a quen abandonou a fe porque o seu rabaño agora se volveu transhumante.

Un antigo predicador que cambia o seu dogma polo sindicalismo ao chegar a California, porque o estado do Oeste non é un verxel de traballo e dereitos humanos, xa que onde chega a miseria chega a usura. A suposta terra das liberdades é máis un lugar propicio onde un Espartaco poida comezar unha revolución. E ese papel é o que desempeña Tom Joad, o fillo pródigo que sae da cadea cunha condena por homicidio. Un hálito de esperanza para a pretendida unidade familiar, a máxima da matriarca e motivo do seu sufrimento, pois ao paxariño aínda lle pesa a condicional e os golpes da realidade póñena en perigo. Ao parecer, os temporeiros de Oklahoma só foran a California para recoller a froita amarga da ira.

Nos Estados Unidos sempre houbo minorías marxinalizadas, indios, negros, latinos pero tamén "os estritamente americanos", os *okies*, os brancos do sur aínda ocultos baixo un sistema xerárquico que proporciona filtros para evitar que a desgraza allea nos abafe. "Ou nós ou eles" que dirían os poderes. Iso cando todo vai ben, cando sobrevén a crise, xa sexa a do 29 ou a actual, os dominantes levantan o pano para deixar ver a inmundicia e producir consternación. Só así se conseguen votos, sumando ademais a presenza dun mesías electoral que mostre o camiño da salvación, como aqueles charlatáns que percorrían os campos buscando infelices.

A Ford non lle interesaba nin o máis mínimo mostrar a inmundicia polo simple feito de encher o ollo do *voyeur*; nin moito menos para satisfacer plans populistas. Buscaba con franqueza representar a crónica amarga dun dos peores momentos da Historia dos Estados Unidos. Os primeiros emigrantes que chegaron a esta terra eran foráneos, agora trátase de granxeiros que foron perdendo as súas facendas e que vivían ao vello estilo americano, o do "eu guísoo, eu cómo", con plena liberdade sen interseccións nin intermediarios que metan as mans.

Os diálogos son secos e curtos e coma nos *westerns*, os personaxes, pese a todo, non se retorcen de dor, seguen pelexando sen facer caso a outras verdades, só buscan a súa: "hai que continuar unidos no camiño". Por iso a Ford lle interesou tanto a adaptación da obra de Steinbeck, porque levanta o filtro que nos permite mirara para outro lado. Consegue que o espectador non sexa capaz de distinguir entre o sufrimento dos seus achegados e o sufrimento dos estraños.